

Herminio no recordo ¹

Antonio RODRÍGUEZ MARTÍNEZ
Universidade de Santiago de Compostela

A primeira parte da miña intervención, aínda que esta se produza dende o posto de director do Departamento ao que estaba adscrito o Profesor Herminio, vai ser fundamentalmente persoal, como Antonio Rodríguez, tendo en conta que Herminio foi o meu profesor en dous cursos e ademais dirixiu a miña Memoria de Licenciatura.

Neste sentido, comezarei destacando que o meu mestre Herminio foi o último dun grupo de docentes que constituíron parte esencial na miña formación como persoa e como cidadán, e, concretamente no caso de Herminio, tamén na miña formación académica e profesional.

Dende que teño memoria, facendo un percorrido que arranca da biblioteca de Xinzo de Limia e chega ata a Universidade, sempre contei ao meu lado cun mestre ou profesor moi especial do que puntualmente recibín unha grande influencia. Todos eles tiveron unha grande importancia no meu desenvolvemento persoal, e todos contaban ademais con tres características comúns: eran republicanos, o seu referente político estaba na “Revolución Rusa de Outubro” que dera lugar á Unión Soviética e fundían as súas raíces na Ilustración, a Revolución Francesa e as grandes figuras políticas do século XIX, en especial Marx e Engels.

Os mestres que máis me marcaron foron, nalgún momento ou sempre, comunistas e, coa excepción dun deles, xa non están entre nós para a nosa desgraza.

Pois ben, Herminio foi o último en aparecer na miña vida, pero non por iso foi menos importante, xa que ademais da formación débolle, posiblemente, o estar hoxe aquí dirixíndome a vós outros; el foi o director da miña Tesiña e, polo tanto, quen me introduciu na Universidade.

Coa súa axuda e insistencia conseguín publicar o meu primeiro artigo, sobre a *Revista de Pedagogía*, na revista *Concepción Arenal* de Ferrol, e tamén foi a través del que recibín a miña primeira invitación a participar como membro nunha mesa redonda, nas “Jornadas sobre Lorenzo Luzuriaga” celebradas en Valdepeñas, uns días antes do Nadal de 1984 (tres meses despois do nacemento da miña filla á quen el fora ver ao hospital).

¹ Texto lido polo autor no acto académico de homenaxe póstuma, celebrado na memoria e honra do prof. Herminio Barreiro Rodríguez, no Salón Nobre do Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela, o 14 de abril de 2011.

Este é o testemuño co que quero deixar constancia do meu tributo persoal a un home de capital importancia na miña vida como foi o meu querido profesor Herminio Barreiro.

Por outra parte, como Director do Departamento de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social, teño que facer mención ao feito de que o Dr. Herminio Barreiro foi Director deste Departamento nun momento moi complicado e con grandes tensións. Durante o seu mandato conseguiu temperar as distintas posicións existentes entre os compañeiros e, grazas ao mantemento do seu apoio e crítica construtiva aos posteriores directores, deu lugar a que na actualidade esas tensións practicamente non existan. Herminio xa tiña, por aquel tempo, unha percepción de conxunto do Departamento que o resto non tiñamos.

O profesor Herminio tamén destacou pola súa participación activa en todos os movementos que trataran de mellorar a sociedade, a educación en xeral e a Universidade en particular, tanto con respecto á formación académica e profesional do seu alumnado como ás condicións laborais do seu profesorado.

Neste sentido, recordo a súa intervención no “movemento contra a LOU”. A súa lección maxistral na Praza das Praterías, cun cheo absoluto, destacou entre as accións levadas a cabo por dito movemento; no momento en que Herminio falaba, xa non cabía un alma nas escaleiras que soben cara á Catedral.

Ou tamén o recoñecemento por parte do alumnado da súa docencia, que provocou que nun curso académico a materia de “Historia da Educación” que viña impartindo acadara unha matrícula superior aos 700 alumnos, feito sen precedente na nosa Facultade. Produto das impresións que lle produciu esa experiencia foi a publicación dun libríño que, por mor desta homenaxe, acabamos de reeditar.

O profesor Barreiro sempre tiña a porta do seu despacho aberta, tanto para os alumnos e as alumnas como para os compañeiros e as compañeiras que necesitaran facerlle algunha consulta ou pedirlle algún consello que el ofrecía xenerosamente. Tan literal é o da porta aberta que podemos afirmar que a deixaba dese xeito dende que chegaba á Facultade ata que marchaba, con independencia de que estivese nel ou na clase, na biblioteca, nunha reunión, na cafetería ou en calquera outro sitio. O feito quedou confirmado cando un día, de súpeto, a policía o sorprendeu cunha chamada pedíndolle que fose identificar uns libros que estaban en poder dunha persoa que acababan de deter por coller prestados, sen permiso, libros dos despachos de distintos profesores e, entre eles, do seu. Como el mesmo me comentou, xa notara a falta de varios libros, pero, home de boa fe na humanidade como era, pensou que estarían descolocados ou que os tería prestado (como facía moi a miúdo e sen control).

Estas anécdotas da súa vida que acabo de relatar reflicten de forma sinxela a personalidade do noso compañeiro Herminio, unha persoa moi querida e respectada tanto polos seus alumnos e alumnas como polos seus compañeiros e compañeiras, así como o seu profundo compromiso coa Universidade, co Departamento e, fundamentalmente, coas persoas.

Remato a miña intervención dicindo simplemente: Moitas grazas Herminio.